



tinofernández

A ALTERNATIVA SOCIALISTA PARA

pontevedra

MANIFESTO ELECTORAL

SER SOCIALISTA É
facer

Pontevedra é o meu lugar no mundo. Onde vivo e traballo e onde quero que vivan e traballen o meu fillo e a miña filla.

O maior honor para un socialista é ser elixido polos seus compañeiros e compañeiras para encabezar a candidatura á Alcaldía do seu concello. Por iso quero agradecer o apoio de todos os que confían en min para que Pontevedra conte, por fin, cun alcalde de esquerdas. Será unha apaixonante tarefa colectiva.

Son malos tempos para a política. Todos, eu o primeiro, estamos fartos. Fartos da mala política e dos que a utilizan no seu propio beneficio. Fartos dos soberbios que non escoitan, dos que se dedican a crear problemas en lugar de resolvelos. E fartos tamén dos que desacreditan a política dicindo que todos somos iguais. Aínda así non é momento de agocharse, senón de dar a cara. Por iso preséntome e fágoo co aval do traballo feito.

Pontevedra experimentou unha importante transformación urbana da que os socialistas fomos protagonistas directos. Encargámonos de moitas das mellores obras municipais (Centro Histórico, Santa Clara, avenida de Lugo, Blanco Porto, Leiras Pulpeiro, pasarela de José Adrio, barrios de San Antoniño e Fontesanta...). Pero Pontevedra ten hoxe novas necesidades. **Necesitamos enfrontarnos á realidade. Unha realidade que chámase crise e desemprego.**

Nestes últimos catro anos, os socialistas non estivemos de brazos cruzados. En solitario, dende o grupo municipal, impulsamos plans de formación con fondos europeos (ILES), plans municipais de becas de emprego, unha feira do emprego e campañas constantes co comercio local. Antes diso puxemos en marcha outras accións sociais: comedores escolares, o Plan Madruga, o ARI do Centro Histórico, a preservación dos espazos naturais do municipio. Fomos os que entendemos primeiro que o deporte, as feiras e os congresos eran elementos dinamizadores da actividade económica. Organizamos e apoiamos máis de 60 eventos deportivos anuais, pechamos 2014 con 22 feiras e congresos, conseguindo, en moitos casos, colocar o cartel de completo nos hoteis da cidade. E queremos facer máis. Moito máis.

Combatir a crise e o paro serán o eixe central da xestión municipal.

A miña prioridade será o emprego.

PSG
DE
PSOE



O alcalde que aspiro a ser, non fuxirá do combate ao paro e á crise económica e fará del o eixe central de toda a xestión municipal. Admitindo de antemán as dificultades que chegan polos recortes e as nefastas reformas legais do PP, que eliminan competencias municipais, porei todos os recursos do Concello contra o vento neoliberal que tanto sufrimento causa.

Encabezarei unha candidatura coa mirada limpa, coa convicción de que o noso traballo fixo mellores os últimos gobernos de Pontevedra. Fomos forza de traballo, de estabilidade e tamén de sensatez cando fixo falta. A xestión neste mandato non se

*Os Servizos Sociais son,
para os socialistas,
a resposta a un
Dereito dos cidadáns.*

entendería sen o labor das concellerías socialistas. Ese é o noso aval para aspirar a liderar un proxecto de cidade alternativa. A alternativa socialista.


Se me elixides alcalde de Pontevedra, a miña prioridade será o emprego. O Concello debe derrubar ata o último obstáculo para mitigar a

desigualdade de milleiros de pontevedreses que queren traballar e non poden. Para conseguilo, as nosas medidas irán dende o asesoramento ata as axudas directas para o fomento do emprego, pasando pola máxima axilidade administrativa. E, sobre todo, un novo PXOM que permita o crecemento e o desenvolvemento económico.

A alternativa socialista para Pontevedra apóiase tamén no respecto aos dereitos sociais. Para nós a atención social é un dereito, e non beneficencia. Os Servizos Sociais municipais funcionarán dende o traballo diario, serio e continuo. Non dende a propaganda baleira, baseada nun nome e nun logotipo.

Os socialistas soñamos cunha Pontevedra líder en calidade medioambiental. Con Ence fóra da ría no ano 2018, tal e como acordou o Parlamento galego por unanimidade. Neste

*Soñamos cunha cidade
líder en calidade
medioambiental.*



asunto non xogamos á ambigüidade. E iso inclúe a preocupación polas medidas que sexan necesarias para a preservación dos postos de traballo.

Queremos unha xestión seria dos Residuos Sólidos Urbanos. Seguiremos en fronte dos que din defender o monte e logo apostan pola súa destrución cunha planta de lixo (a Sogama do Sur). Os procesos industriais, sexan de fabricación de compost ou de tratamento de todo o lixo, deben estar nos polígonos industriais. Nin enganar, nin mentiras, nin pactos políticos "contra natura". **Se eu son o voso alcalde, Pontevedra non será a capital provincial do lixo.**

*Se eu son o
vosu alcalde,
Pontevedra
non será a
capital do lixo.*

Os socialistas continuaremos esixindo explicacións polo escándalo de Pasarón, no que algúns comparten un historial de decisións vergoñentas e de silencios cómplices. Por moito que manipulen e por moi nerviosos que se poñan.

A cidadanía reclama feitos, compromiso e participación. **Como candidato ofrézovos un Novo Contrato Cidadán para o que contarei co maior número posible de persoas, colectivos, profesionais e axentes sociais.** Falo de participación. Falo de escoitar. Falo da maioría social da que debe arrodearse quen quere ser o alcalde de todos e de todas.

Os pontevedreses tedes a palabra.

O próximo mes de maio teredes que decidir e pídovos que elixades a proposta socialista. Fronte aos que queren que vos resignedes a catro anos máis do mesmo ou a catro anos de nada.

Confíade nun alcalde de esquerdas, que fala claro, e comprometido a loitar con todas as súas forzas contra os problemas reais que vos quitan, e me quitan, o sono.

Agustín (Tino) Fernández González

Candidato do PSdeG-PSOE á Alcaldía de Pontevedra



